

Se non pode ver correctamente este correo electrónico, faga clic [aquí](#)



Boletín do Proxecto Symbios Núm. 3 – Xaneiro 2014

Novidades | Dispoñibles as actas do primeiro seminario



Máis de 60 persoas participaron o 26 de setembro de 2013 en Santiago no I Seminario Técnico do Proxecto Symbios, no que puideron coñecer de primeira man a realidade demográfica das rexións europeas participantes na iniciativa. Xa están dispoñibles as actas.

[Ler máis na web](#)

Recursos Symbios



Humor

O eterno debate sobre a calidade de vida: vivir no rural ou vivir nas cidades.

[Ler máis na web](#)



Son d'aldea

Unha renovada queixería promove a revitalización da cultura tradicional.

[Ler máis na web](#)



Reasentamento

Rural resettlement in Ireland leva a vivir e traballar no campo familias das cidades.

[Ler máis na web](#)

Materials



Lei de inclusión social

Este mes de xaneiro de 2014 entrou en vigor a lei de Inclusión Social de Galicia.

[Ler máis na web](#)



Segundo seminario

Está a prepararse para xuño o II Seminario Técnico do Proxecto Symbios. Será en Santiago.

[Ler máis na web](#)



Resumo dos foros

Xuntamos nun documento as intervencións máis interesantes nos foros de Symbios.

[Ler máis na web](#)

A entrevista. Xosé Luís Carrera. Presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa e director da firma de ecoagroturismo Arqueixal



- **¿Cales son os aspectos máis orixinais da súa experiencia en Arqueixal?** -Nos nosos produtos empregamos materiais reutilizables, e temos un modelo de comercialización que empeza co local. No ámbito turístico, rehabilitamos as casas do noso proxecto baseándonos na bioconstrución e na autosuficiencia enerxética. Unha das casas é un ecomuseo vivo, no que recreamos a vida nunha casa galega dos anos 30.

- **¿Cal é o segredo para consolidar o proxecto?** -Estar innovando continuamente, pero dentro da tradición, facer produtos de calidade, usar materias primas propias, e todo iso garante que se manteña no tempo.

- **Déanos tres consellos para loitar contra a exclusión territorial** -Xerar autoestima de ser do rural, valorizalo e conseguir que servizos coma o transporte cheguen, pero sen necesidade de que se urbanice o

rural. Precísanse políticas para o desenvolvemento rural, unha ordenación do territorio tendo en conta como estaba organizada a terra antes.



Este é o boletín electrónico do proxecto Symbios, unha iniciativa de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios de Galicia e doutras rexións europeas afectadas. Se ten calquera dúbida ou quere contarnos algo, contacte con nós desde [aquí](#) e se quere deixar de recibir este boletín electrónico, faga clic [aquí](#)